

ORIENTACIÓNS DENDE O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN PARA QUEDARSE NA CASA E AFRONTAR O CORONAVIRUS

Como sabedes, os colexios están pechados e os profes seguen a traballar dende a súas casas, procurando chegar a todos.

Desde o Departamento de Orientación trataremos de compartir pautas para afrontar a situación, contos que axuden a explicar os máis pequenos o que pasa, buscar distintas actividades, materiais e recursos e aportar enlaces e materiais que poidan ser de utilidade.

É moi importante:

- Facerlles entender a situación:

- Explicarlles o que pasa dicíndolles a verdade adaptado á idade dos nenos, **sen alarmismos**.
- Evitar estar todo o día falando do asunto para non crear ansiedade, e sobre todo **non dar credibilidade ás noticias** que non sexan **oficiais**.

- Convencelos/as de que se teñen que quedar na casa:

- Nestes días transmitíronse por diversos medios mensaxes acerca do movemento [#YoMeQuedoEnCasa](#).
- Que sexan conscientes da súa **corresponsabilidade** e reforzala coa idea de que é unha batalla que gañaremos entre todos.
- Deben de comprender que se trata dun sacrificio que terá unha recompensa da que todos nos alegraremos posto que está **contribuíndo ó benestar de todos**.
- Participar cada día no **aplauzo compartido ós sanitarios** para que sintan que forman parte de algo colectivo e transcendente. A **iniciativa popular arco iris** que xorde baixo o hastag [#desdemiventana](#) trata de facer máis levadeira a cuarentena. Iniciouse noutros países e agora tamén chegou ó noso. A idea é

que os nenos realicen un arco da vella como lema de TODO IRÁ BEN e colocalo nas fiestras.

Recursos

ONDA EDUCA

Sensibilizada pola situación actual provocada por COVID19, de peche de colexios e empresas, quere poñer o seu pequeno grao de area, facilitando que todas aquelas familias e profesionais que necesiten traballar con programas de rehabilitación e estimulación da linguaxe e audición, poidan seguir facéndoo de forma totalmente GRATUÍTA e ACCESIBLE, poñendo á súa disposición a nosa plataforma online Espazo Onda.



AULASGALEGAS.ORG

Aulas galegas é un portal educativo realizado por un colectivo de profesores sen ánimo de lucro que ante a situación de illamento provocada polo Covid-19 ofrecen unha axuda educativa á sociedade.

Aulas galegas nace para axudar o alumnado, as familias e o resto de profesorado a atopar recursos e materiais educativos en galego.

VISITAS VIRTUAIS A MUSEOS, MÚSICA:

- [Museo del Prado](#). Na conta de [Instagram](#) realizan videos en directo de luns a venres de 9:50 a 10 am comentando algunha obra deste museo.
- [Galería Uffizi](#) en Florencia
- [Museo do Vaticano](#) en Roma
- [Museo Arqueolóxico](#) en Atenas
- [Museo do Louvre](#) en Paris
- [Museo Británico](#) en Londres
- [Museo Metropolitano](#) en Nueva York
- [National Gallery of Art](#) en Washington
- A Filarmónica de Berlín abre gratuitamente a súa páxina de concertos: <https://www.digitalconcerthall.com/en/concerts>
- Fomentar a creatividade e aproveitar para facer actividades artísticas e inventar obxectos, xogos e actividades.

Actividades para facer con nenos en casa.

Actualmente, existen moitas paginas web nas que atopar ideas de actividades para nenos/as.

Por exemplo en orietaciónandujar podes atopar moitas actividades. Están divididas en categorías para que poidas seleccionar a opción que queiras, dependendo do momento e adaptala ás idades dos teus fillos.

Esta mesma web, elaborou un conto que explica o coronavirus e que se pode colorear. Os xogos de mesa tamén poden ser unha opción . Podemos rescatar os clásicos ou apostar polos xogos educativos.

Outra boa opción é facer experimentos. En saposyprincesas explícanos como facer tinta invisible ou un volcán.

Os contos infantís son un bo recurso para entreter aos pequenos. En guiainfantil propóñennos 16 contos que nos poden axudar.

Todos estes recursos poden axudar a que os nenos estean máis entretidos, con mellor humor e sintan menos o cambio que estamos a vivir.



https://82cc3e96-d0ab-4e18-a0c0-5bd7c21b2244.filesusr.com/ugd/b17e2e_4f49889036fe46ce949586d9eb8bd827.pdf

SABES CÓMO FUNCIONAN OS VIRUS? IMOS FACER UN EXPERIMENTO

<http://aulasgalegas.org/sabes-como-funcionan-os-virus/>

INTELIXENCIA EMOCIONAL, PODEMOS POÑER NOME AO QUE SENTIMOS...



EMOCIONARIO (a partir de 6 anos), EMOCIONADOS (para os máis pequenos) e AMAR.

https://www.palabrasaladas.com/amar_en_cuarentena_por_el_coronavirus.html

RELAXACIÓN



Para relaxarnos un pouquiño coloreando mandalas online. Preme neste enlace e verás que divertido

<http://www.supercoloring.com/es/dibujos-para-colorear/artes-y-cultura/mandala>

Enlaces, webs e blogs de axuda psicolóxica:

- -Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
- Consejo General de la Psicología. España
- Servicio Psicología Aplicada. UNED

Pautas alumnado con TEA:

- Pautas de ASPANAES
- -Recomendacións BATA
- -Autismo España
- -ARASAAC
- -Red Cenit
- Recomendacións para familias con fillos con TEA

<http://www.autismo.org.es/>